



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA  
CORPORACIÓN EN DATA 20 DE XUÑO DE 2013.**

**ASISTENTES:**

**ALCALDE-PRESIDENTE:**

D. Melchor Roel Rivas

**CONCELLEIROS:**

D<sup>a</sup>. María Loureiro García, D. Jesús Antonio Fernández Cal, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isabel Rodríguez López, D. Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro, D<sup>a</sup>. Covadonga Viamonte Aguirar, D. Bernardo José Fraga Galdo, D. Manuel Galdo Dopico, D<sup>a</sup>. Olaia Casas Chaves, D. César Aja Mariño, D. Jaime de Olano Vela, D<sup>a</sup>. Cándida Méndez Salgado, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Gueimunde González, D. Celestino Valentín García Paz, D. Antonio José Bouza Rodil, D. Guillermo Leal Arias e D. Jesús Fernández Fernández.

**SECRETARIA XERAL**

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Luz Balsa Rábade

**INTERVENTOR ACCIDENTAL**

D. Sergio Aguado Delicado.

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día 20 de xuño de dous mil trece, reúnen-se, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ó obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, asistido de mín, que como Secretaria Xeral, certifico do acto do Concello.

Comprobado pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase polo Sr. Alcalde aberta a sesión, polo que se procede a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

**1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DE 25/04/2013, 22/05/2013 E 28/05/2013.**

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio J. Bouza Rodil, para dicir que na acta de 25 de abril, na páxina 8, onde intervén o Sr. Bouza Rodil, cando se di que o Sergas ten unha partida de 405 millóns de euros, debe dicir 40 millóns de euros.

Non existindo máis observacións, procédese á aprobación por unanimidade das actas das sesións de 25/04/2013, 22/05/2013 e 28/05/2013.

**2.- FACULTAR Ó ALCALDE-PRESIDENTE PARA A SINATURA DUN CONTRATO MENOR POR PRAZO MÁXIMO DE UN ANO IMPRORROGABLE, COMO CONTRATO-PONTE ATA A LICITACIÓN DO NOVO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO,**



## **SEGÚN O PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS, DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS E MEMORIA TÉCNICA OBRANTES NO EXPEDIENTE.**

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para dicir que se trata de realizar un contrato menor por un prazo improrrogable de un ano mentres non se licita por procedemento aberto o novo contrato de xestión do servizo do matadoiro, sinalando que este asunto foi dictaminado favorablemente por unanimidade na Comisión Informativa.

Vista a proposta da Alcaldía, que di:

“(…)

**PRIMEIRO.-** *Facultar ó Alcalde-Presidente da Corporación para a sinatura dun contrato menor (contrato-ponte entre o contrato existente que se resolve e o contrato que resulte do proceso de contratación que se atopa en trámite), por prazo de un ano improrrogable para a contratación da xestión do servizo do matadoiro. Este contrato rexirase polo prego de cláusulas administrativas e de prescripcóns técnicas que se adxuntan a esta proposta, así como pola memoria técnica anexa ó prego, e o seu fin é non pechar o matadoiro durante o tempo de tramitación polo Departamento de Contratación do contrato de xestión do servizo, a licitar mediante procedemento aberto.”*

Vistos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescripcóns técnicas nos que se recollen os principais aspectos a regular da prestación do servizo neste tempo intermedio, así como as obrigas do contratista, así como a memoria técnica sobre as obras a realizar polo adxudicatario en concepto de canon.

Non existindo debate sobre o asunto, procédese á votación, acordándose por unanimidade:

**PRIMEIRO.-** *Facultar ó Alcalde-Presidente da Corporación para a sinatura dun contrato menor (contrato-ponte entre o contrato existente que se resolve e o contrato que resulte do proceso de contratación que se atopa en trámite), por prazo de un ano improrrogable para a contratación da xestión do servizo do matadoiro. Este contrato rexirase polo prego de cláusulas administrativas e de prescripcóns técnicas que se adxuntan a esta proposta, así como pola memoria técnica anexa ó prego, e o seu fin é non pechar o matadoiro durante o tempo de tramitación polo Departamento de Contratación do contrato de xestión do servizo, a licitar mediante procedemento aberto.*

### **3.- RATIFICACIÓN DA SUSPENSIÓN DO PRAZO MÁXIMO PARA RESOLVER E NOTIFICAR O PROCEDIMENTO DE RESOLUCIÓN POR INCUMPRIMENTO DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO DO MATADOIRO POR SOLICITUDE DE DICTAME DO CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA.**

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para dicir que se trata de ratificar a Resolución de suspensión do prazo para resolver o procedemento de resolución por incumprimento do contrato de xestión do servizo do matadoiro, á espera do dictame do Consello Consultivo de Galicia, sinalando que este punto foi dictaminado favorablemente na Comisión Informativa.

Vista a proposta da Alcaldía, que di:

“(…)

*Primeiro.- Ratificar a resolución dictada pola Alcaldía en data 6 xuño de 2013, pola que se acordaba a suspensión do prazo máximo legal para resolver o procedemento e notificar a resolución, polo tempo que*



*medie entre a petición do informe ó Consello Consultivo de Galicia e a recepción do mesmo (que deberá ser comunicada ós interesados)."*

Non existindo debate sobre o asunto, procédese á votación, acordándose por unanimidade:

Primeiro.- Ratificar a resolución dictada pola Alcaldía en data 6 xuño de 2013, pola que se acordaba a suspensión do prazo máximo legal para resolver o procedemento e notificar a resolución, polo tempo que medie entre a petición do informe ó Consello Consultivo de Galicia e a recepción do mesmo (que deberá ser comunicada ós interesados).

#### **4.- INFORME DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA Á LIQUIDACIÓN DO EXERCIZO.**

Dase conta neste punto da orde do día do Informe de Estabilidade Orzamentaria á liquidación do orzamento así como da aprobación da liquidación do orzamento do exercizo 2012.

E o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda darse por informado.

#### **5.- MOCIÓN DA ALCALDÍA, EN REPRESENTACIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO P.S.O.E., ASUMINDO A SOLICITUDE DE D. ALFONSO OTERO REGAL.**

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, para dicir que trae esta moción ó Pleno ante unha solicitude do Director Xerente do Complexo Cultural Regal Xunqueira, que adxunta sinaturas apoiando a designación dunha rúa para D. Carlos Oroza, desexando que os propoñentes teñan o visto e praxe da persoa á que se pretende adicar a rúa.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. César Aja Mariño para dicir que o seu grupo non ten inconveniente en adicar esa rúa, xa que é un viveirense notorio no mundo cultural, pero propón que se faga unha comisión previa para dicir que rúa se vai propoñer, xa que senón pode chegarse a que cada número dunha casa sexa unha rúa. Propón que se lle poña a rúa e que quede sobre a mesa para debater nunha comisión onde se vai ubicar. Apunta que hai máis de 40 anos que ten amizade persoal con esa persoa e que, polo tanto, está totalmente de acordo en darlle unha distinción, pero apunta que non se debe entrar nunha dinámica perigosa.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que xustamente na proposta non vén a rúa, noutros casos sí viña a Pleno, polo que se o Pleno acorda concederlle unha rúa, será nunha comisión posterior onde se estude que rúa se lle adica.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que o seu grupo está de acordo.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias, para dicir que o seu grupo está de acordo.

Non existindo máis debate, procédese á votación, acordándose por unanimidade:

Primeiro.- Outorgarlle o nome de D. Carlos Oroza a unha rúa.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó interesado.



Terceiro.- Estudar nunha comisión informativa posterior a rúa á que se lle poñerá o nome de D. Carlos Oroza.

## **6.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. SOBRE PROPOSTA DE EVITACIÓN DE DUPLICIDADE EN EVENTOS A CELEBRAR NO MUNICIPIO.**

Intervén, en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Jaime de Olano Vela, para dicir que en Viveiro hai unha gran cantidade de eventos, que a veces coinciden nas datas de celebración, polo que se propón evitar duplicidades, respectando as xa existentes e buscando alternativas de datas para que non coincidan, sobre todo nas celebracións subvencionadas, respectando as máis antigas.

Intervén o Sr. Alcalde para sinalar que evitar a duplicidade é un acto de boa fe, xa que doutro xeito estaríase en supostos como é a Feira Renacentista e a Rapa das Bestas, polo que se está de acordo pero o criterio da antigüidade habería que analizalo. Engade que a Feira Renacentista se fixo coincidir precisamente coa Rapa das Bestas para que tivese éxito. Se agora houbese que decidir cal se celebra nesa data habería conflito social, porque entón podería chegar a coincidir co Festival de Ortigueira. Por outra banda, indica que hai fins de semana que se celebran eventos deportivos, como esta fin de semana, que atraen xente a Viveiro. Apunta estar de acordo se se elimina o criterio da antigüidade, xa que senón no suposto por exemplo das Festas de San Pantaleón, Festa de Magazos e Santa Ana, se o criterio é a antigüidade habería que celebrar só a de Galdo.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que o seu grupo está a favor da moción, di que fan unha proposta, crear unha reunión coas entidades organizadoras dos distintos eventos para ver si se poden celebrar en distintos días, xa que cada ano vai ser unha casuística distinta, e cando unha festa está consolidada non se ve inconveniente en separala doutra.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias, para dicir que o seu grupo está de acordo coa intención da moción do P.P. e co apuntamento do Sr. Bernardo para facer unha programación, aínda que nalgúns casos sexa difícil, xa que hai festas que xurden no último momento.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Jaime de Olano Vela, para sinalar que o criterio da antigüidade non é taxativo, senón que o que hai que aplicar é o sentido común, para sacar o maior beneficio para o pobo, indicando que o que propón o B.N.G. é o que xa está recollido no punto segundo da moción.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que votarán a favor si se retira o criterio da antigüidade.

Intervén en representación do grupo Municipal do P.P., D. Jaime de Olano Vela para dicir que non hai inconveniente en retirar ese criterio.

Non existindo máis debate procedese á votación, acordándose por unanimidade:

Primeiro.- Que polo equipo de goberno se proceda a promover o evitar a duplicidade de datas na celebración de eventos de ámbito municipal, subvencionados polas administracións públicas, respectando as datas daquelas que teñan maior proxección turística e repercusión social.



Segundo.- Informar e coordinar ás persoas ou colectivos promotoras destes eventos sobre a adopción deste acordo.

### **7.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. SOBRE ADHESIÓN Ó CONVENIO SUSCRITO ENTRE A XEFATURA CENTRAL DE TRÁFICO E A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS.**

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Jaime de Olano Vela, que procede a dar lectura á moción, na que en síntese se expón que a Xefatura Central de Tráfico e a FEMP suscribiron no 2009 un convenio de colaboración no que se contempla o apoio técnico ós municipios, a posibilidade de ter acceso ós distintos rexistros da Dirección Xeral de Tráfico, así como contribución da XCT á formación e actualización de coñecementos dos axentes municipais na seguridade vial, evitando desprazamentos a Lugo, propoñendo a adhesión a dito convenio facultando ó Sr. Alcalde para realizar os trámites precisos. Engade D. Jaime de Olano Vela que supón que este acordo foi notificado ó Concello, sen terse adherido este Concello ó mesmo dende o 2009.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que está de acordo, pero negando a última liña da moción, xa que este convenio sí foi valorado dende o Concello e dende hai catro meses, a persoa encargada de contestar a toda a documentación está intercambiando documentación entre o Concello e Tráfico. Di que esa persoa esta semana está de vacacións, polo que non puido traer ó Pleno eses datos, sinalando que xa ía ter que traer ó Pleno ese asunto, polo que non hai inconveniente en aproveitar isto e logo non ter que traer a pleno as normas de funcionamento que se están intercambiando. Di que a solicitude xa está feita e que isto é a adhesión.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que o seu grupo está a favor, xa que se trata de mellorar servizos. Apunta que se establece no convenio a creación dun plan municipal de seguridade vial, que consideran se debería realizar tamén.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que o equipo de goberno xa o iniciou, reiterando que as condicións dese convenio ían ter que vir a Pleno, apuntando que cando se incorpore a traballadora para calquer dúbida mostrará a documentación referida.

Non existindo máis debate sobre este asunto, procédese á votación, acordándose por unanimidade:

Primeiro.-Proceder á adhesión do Concello de Viveiro ó convenio de colaboración asinado entre a XCT e a FEMP en data 25 de novembro de 2009, nos termos establecidos no mesmo.

Segundo.- Facultar ó Sr. Alcalde a que realice os trámites necesarios para a sinatura do protocolo de adhesión ó Convenio suscrito entre a XCT e a FEMP en novembro de 2009.

### **8.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO B.N.G. SOBRE A MELLORA DA PÁXINA WEB MUNICIPAL E A PRESENZA DO CONCELLO DE VIVEIRO NAS REDES SOCIAIS.**



Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que o obxecto desta moción é que a páxina web está desactualizada, na portada hai anuncios de festas dos anos 2010 e 2011, programacións de teatro do ano 2011, como novas máis destacadas dos últimos seis meses aparecen só dúas, hai cursos de verán da UNED do 2010, a guía local está actualizada do ano 2004, o saúdo do Alcalde é o mesmo que o do ano 2003. Indica que o Concello de Viveiro está desaparecido das redes sociais, atopándose en facebook só a oficina de turismo, polo que hai deixadez polo emprego das novas tecnoloxías. Procede á lectura dos acordos propostos na moción, en orde a instar ó goberno municipal a actualizar a páxina obsoleta e a realizar perfís nas redes sociais máis importantes. Apunta que viron que se ía realizar a través da Deputación, pero indica que se renove a páxina lles parece ben, pero o importante é actualizala continuamente, sendo importante o deseño, pero máis o mantemento.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio J. Bouza Rodil, para dicir que o seu grupo está plenamente de acordo co B.N.G., xa que na era da nova tecnoloxía é moi importante ter unha páxina web actualizada e non se trata só de facela senón que hai que mantela.

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, para dicir que nun pleno o grupo do i.V.i. foi quen o plantexou en novembro ou decembro, e o Alcalde comprometeuse a facer a xestión, en marzo enviouse solicitude á Deputación e o 18 de abril a Deputación dixo que sí, quedando o Concello de Viveiro sumado ó programa innovate, procedendo á lectura do que vai realizar a Deputación, como por exemplo, analizar o cumprimento da lei de protección de datos, un centro de asesoramento tecnolóxico, banda larga, o servizo de dinamizadores tecnolóxicos, administración electrónica, portal web, con actualización de contidos do portal, wifi no concello e praza. Di que se aceptou e o 9 de maio se remitiu á Deputación a aceptación e xa está traballando o equipo de innovate. Apunta que por ese motivo van votar en contra de instar ó goberno municipal, porque instar algo que xa está feito non resulta coherente. Sinala que non houbo deixadez, e que só hai un informático no Concello, a pesar de que se di que sobra persoal, engadindo que instar ó goberno a que faga algo que xa fíxo dende o mes de marzo non é lóxico, polo que van votar en contra porque o goberno buscou os medios para realizala. Engade que como goberno xa rematou o 5 de maio a xestión, polo que se vai aforrar o mantemento e xestión dunha páxina web.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias, para dicir que o seu grupo se congratula porque unha das moitas instancias que fan ó goberno fose atendida, indicando que lles parece ben a proposta do B.N.G.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que están instando a algo que xa se fíxo e algo que non se fíxo, estando a favor de que o realice o programa innovate, recordando que a páxina está moi ben realizala, pero o problema é a actualización diaria. Apunta que non sabe si chega un informático, pero non fai falta que sexa un informático o que a actualice. Di que tamén instan a que a páxina que hai agora se actualice mentres non se fai a nova pola Deputación.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que o servizo do innovate ofrece máis que a páxina web, e engade que non é tan sinxelo actualizalo, xa que durante un período gobernaron dous partidos e non se actualizou, porque hai que formar a xente que a actualice e que cada delegado de área pase a información. Sinala que a persoa que actualice a páxina ten a súa responsabilidade, xa que non pode dicirlle un día o informático a unha persoa que a actualice sen máis porque a persoa que introduce os datos é responsable disto, e do cumprimento da lei de protección de datos. Indica que os



primeiros catro anos se actualizou porque o facía unha empresa, e reitera que non teñen que instar ó goberno porque xa está feito. Agora farao o innovate (80% Europa e 20% Deputación). Di que a páxina web terá que estar tamén na web da Deputación de Lugo, apuntando que non vai defender a ningún traballador pola súa labor pero repite que só hai un informático.

Intervén en representación do grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que hoxe en día unha páxina web a actualiza calquera, para os datos de información municipal, incluso os concelleiros, que incluso poderían facer un curso por exemplo se se puidese coa Deputación para aprender.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que non debe ser tan sinxelo porque pasaron moitos concelleiros e non o fixeron, e que a páxina recibiu moitas visitas, co Resurrection e Semana Santa, e non se pode actualizar ata que se faga a nova.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que antes non se podía cambiar e que se hai movemento nas redes sociais tamén o hai na páxina web.

Non existindo máis debate, procédese á votación, acordándose, con 11 votos a favor, correspondentes ós grupos do P.P., B.N.G., e i.V.i. e 6 votos en contra correspondentes ó grupo do P.S.O.E., a aprobación dos acordos propostos na moción do B.N.G., do seguinte xeito:

Primeiro.- Instar ó goberno municipal a actualizar de inmediato a obsoleta páxina web municipal, con novas diarias da actividade municipal, e da actividade cultural e deportiva existente no Concello de Viveiro durante todo o ano.

Segundo.- Instar ó Goberno Municipal a realizar perfís nas redes sociais máis importantes, como Facebook, Tuenti e Twiter, para divulgar o noso Concello.

## **9.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO B.N.G. PARA A DECLARACIÓN DE REPROBACIÓN PÚBLICA DOS/AS DEPUTADOS/AS QUE APROBARON A QUITA DAS PARTICIPACIÓNS PREFERENTES.**

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, para proceder á lectura da moción, que en síntese di que o goberno de Rajoy se caracterizou por beneficiar á banca en detrimento das persoas afectadas pola estafa das preferentes e subordinadas, que contou co apoio dos deputados galegos que permitiron a quita e o canxe por accións, así como que en xullo do 2012 se asinou o memorando coa UE onde se asumiron condicións gravosas para a cidadanía e en favor da banca, engadindo que o P.P. legalizou o roubo de persoas que foron vítimas dunha estratexia agresiva dos directivos das entidades para capitalizarse, sinalando os nomes dos deputados que votaron a favor da quita e conversión en accións, proponendo rexeitar as políticas do goberno central contrarias ós intereses de milleiros de familias afectadas pola fraude das preferentes e subordinadas e declarar a reprobación pública dos 15 deputados do P.P. de Galicia polas consecuencias que o seu apoio ás normas que legalizan as quitas ós titulares de preferentes e débeda subordinada lle causan a milleiros de pequenos aforradores. Apunta tamén o Sr. Bernardo Fraga Galdo que aproveitando que hai un deputado na Corporación preguntarlle que faría se fora deputado do Parlamento Galego, xa que o P.P. en Galicia aproba o que rexeitan en Madrid. Di que en Galicia hai 75.000 que se van ver afectados.



Intervén en representación do grupo Municipal do P.P., D. Antonio J. Bouza Rodil, para dicir que esta é unha moción que busca o dano persoal e desprestixiar ós deputados do P.P., sinalando co dedo e sendo mestre transmite que sinalar co dedo non é de boa educación, pero di que o B.N.G. ese día ó mellor non foi á escola. Sinala que o P.P. está intentando facer o que pode, pero outros como o B.N.G. non fixeron nada, máis que presentar estas mocións sen moito éxito, usando isto para conseguir o que non conseguen nas urnas, xa que obteñen cada vez peores resultados electorais, o que non é estrano, xa que coas loitas internas e a fragmentación da súa casa, se non gobernan a casa como van gobernar ós galegos, nada máis alá dun puñetazo ou un zapatazo. Engade que o B.N.G. tiña dous membros no Consello de administración das Caixas e un era catedrático de economía e coñecía o que facía, preguntándose se ó grupo do B.N.G lle dixeron iso. Tamén sinala que cos votos en Madrid avalaban as políticas de Zapatero e entre o 2008 e 2009 foi cando se lles colocou ós afectados a maioría das preferentes e subordinadas, e o B.N.G. votaba a favor das políticas de Zapatero e do gobernador do Banco de España. Di que teñen na cúpula do B.N.G. xente que colocaba estes produtos, preguntándose se tamén van reprobar a estes. Apunta que o actual portavoz do B.N.G., catedrático de economía cobraba por informes de Caixa Galicia, sinalando que non lles importan os afectados, senón os votos, e que o que queren é danar ós deputados que tiveron que arranxar o que outros fixeron. Indica que esa política é unha política de miserables, xa que se lles importasen as persoas farían o posible para que non se colocasen máis, e podendo votar en outubro a favor de que non volvese a suceder, votaron en contra, cunha política miserable. Di que non fixeron nada polos afectados, que no 2012 lles recomendaban que non se acollesen á arbitrase e algúns do B.N.G mentres tanto acollíanse. Engade que cando lle atribuían ó P.P. o dito de que tiñan “o sorriso nos beizos e o veneno no corazón” estábanse autorretratando. Sinala que en nove anos hai un total de 337 millóns de euros neste produto, e en 2009, nun só ano, 565 millóns de euros, o que se fixo para evitar o rescate dos bancos, o P.SO.E e o B.N.G que eran os seus socios. Indica que ata o ano 2008 os inversores profesionais compraban case todo e en 2009 foi cando se vendeu este produto ós aforradores, porque se quería liquidez, e se repudiaran a estes non lles chegaba o papel. Di que hai moitos arbitraxes aprobados, o 64,5%, traballando para iso o P.P., para os berros di que está o B.N.G., habendo un goberno que está a facer o posible para que se recupere o diñeiro, poñendo agora os medios necesarios para poder reclamar en vía xudicial. Sinala que as quitas son obrigatorias pola normativa europea, que o comisario da competencia europea é español e non é do P.P., que un membro do P.S.O.E. pide a Europa que non haxa quitas, coa aprobación do P.P. Di que cumprir a lei é obrigatorio aínda que a lei non guste, pero que diso o B.N.G. non sabe.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que se a intervención do P.P. se le en internet crése, xa que conta cunha moi boa redacción, pero nada que ver coa realidade. Pregúntase quen gobernou en Galicia no 2009, que era o P.P., dicindo que recorda rotativos das pelexas de Caixa Galicia e Nova Caixa Galicia. Sinala que dicir que os partidos que están en contra da actuación do goberno estando na oposición non fan nada sería como dicir que o P.P. de Viveiro non fai nada e todos teñen dereito a expresarse. Di que o Grupo do P.P. coñece xente na arbitrase que cobrou antes e outra que está esperando, porque uns papeis van para arriba e outros para abaixo. Sinala que ata maio do 2010 todo se ciñe a Zapatero, e que cando di que o B.N.G. tiña representantes non di cantos tiña o P.P., e tamén os tiña o P.S.O.E., e no consello de Administración estaban todos e agora resulta que Rato debe ser o representante de Zapatero ou do B.N.G. Di que están escondendo o que lles convén para atacar ó contrario, e apunta que o Ministro de Facenda dicía que se chegaban ó goberno arranxaban todo en 100 días, pero non era tan fácil. Pregúntase cantos dirixentes había do P.P., indicando que coñece algún que xa cobrou. Indica que isto é un roubo e abusouse da confianza do que vendía as preferentes, pero de ahí a que un asesor ou empregado sexa responsable das decisións políticas hai moita diferenza. Sinala que cando se falaba dunha quita en Chipre do 10% a xente escandalizábase





e aquí quitan o 50% e parece non pasar nada. Di que lle vai pedir ó B.N.G. que facilite a votación, que hoxe tiñan que defender a Rato, é lóxico, xa que votaron en contra de retirarlle o título de fillo adoptivo. Apunta que non entenden o beneficio que lle pode conlevar ós afectados a reprobación pública de 15 deputados, porque actúan en representación de quen os votou, e quen os ten que reprobar son os cidadáns na rúa e nas urnas, e non porque aquí haxa alguén que sexa deputado. Solicita ó B.N.G. deixar só o primeiro punto.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias, para dicir que hai diferencias entre o primeiro e o segundo punto, estando totalmente de acordo no primeiro punto. Respecto ó segundo di que se está dirixindo a un deputado que forma parte da Corporación, o Sr. Jaime de Olano Vela, dicindo que os deputados en Madrid teñen que levantar a man cando lles manden, polo que lle tocou esta labor estea ou non de acordo coa votación, supoñendo que a maioría non estarían de acordo. Sinala que os bancos están en quebra, que se realizan auditorías que non serven para nada, e respecto ós arbitraxes mídense por distintos raseiros, non seguíndose nunca a orde de presentación, dicindo que ten probas por escrito, e que a moitos nin lles contestaron. Dille ó B.N.G. que o cabecilla, Rajoy, é galego e non o recolleron. Indica que é un cabreo constante xa que sempre lle toca pagar á xente máis débil, cando sen embargo ós bancos se lles da todo o diñeiro que quixeron e máis se sígueselles dando, e iso faino o P.P. Solicita ó B.N.G. que se separen os puntos de cara á votación.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, dicindo que Rajoy non se recolle porque é deputado por Madrid. Sinala que é unha pena que non conteste o Sr. Deputado. Di que cando o traballo que se fai é legalizar un roubo ese traballo merece un desprestixio. Respecto a sinalar co dedo, di que o P.P. tamén o fai e que quen non foi á escola por desgraza foron os que asinaron as preferentes co dedo. Indica que aínda que haxa disciplina de voto cando se trata de votar unha inxustiza hai que pensar si vale máis o escano ou non votar esa inxustiza. Sinala que o P.P. falou moito do B.N.G. e os consellos de administración teñen maiorías e o B.N.G. non, polo que non se pode atribuir responsabilidade de goberno, que o B.N.G. parece que é o demo e o P.P. non ten culpa de nada. Sinala que se o B.N.G. votou a favor dos orzamentos de Zapatero era porque eran bos para Galicia, e que o B.N.G. goberna a súa casa mellor ou peor e iso dirano os veciños nas urnas, como o dirán tamén do P.P., pero na casa do P.P. alga pasa, porque nun sitio votan unha cousa e noutro outra, polo que a casa tamén había que mirala. Di que non vai entrar na política de miserables, e di que as decisións que se adoptan no Congreso teñen nome, xa que as adopta xente con nome e apelidos, e que o B.N.G. vai manter esta moción de forma conxunta.

Non existindo máis debate procédese á votación, acordándose con 9 votos a favor, correspondentes ós grupos do P.S.O.E. e B.N.G., 6 votos en contra correspondentes ós grupos do P.P. e 2 abstencións correspondentes ó grupo do i.V.i, a aprobación da moción presentada polo B.N.G., do seguinte xeito:

Primeiro.- Rexeitar as políticas do Goberno Central contrarias ós intereses de milleiros de familias afectadas pola fraude das participacións preferentes e subordinadas que ven como o P.P. legaliza o roubo dos seus aforros a través da imposición dunha quita e da imposición dun troco obrigatorio por accións de nula solvencia.

Segundo.- Declarar a reprobación pública dos 15 deputados e deputadas do P.P. de Galiza polas graves consecuencias que o seu apoio incondicional á aprobación de normas que legalizan as quitas



ás persoas titulares de participacións preferentes e débeda subordinada lle causan a milleiros de pequenos/as aforradores e investidores deste Concello.

## **10.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO I.V.I SOBRE AS OBRAS DE REMODELACIÓN DO MUELLE DE VIVEIRO.**

Intervén en representación do Grupo Municipal do iVi, D. Jesús Fernández Fernández, que procede a dar lectura da moción, que en síntese di que dende hai moito tempo se escoita de distintos partidos que existen proxectos que se van executar no antigo peirao de Viveiro, que eliminarían os galpóns, cun espazo de lecer eliminando a estampa que ofrece esa zona, no 2005 nun taller de arquitectura promovido polo Concello achegábase a posibilidade de crear máis de 400 prazas de aparcadoiro na zona do actual peirao, cabendo tamén un aparcadoiro soterrado, pasando xa case 8 anos e aínda seguen varios galpóns en pé, caendo en saco roto as conversas entre Portos de Galicia e Costas do Estado, saíndo en prensa os distintos grupos anunciando o arranxo inmediato, publicando en maio que se ía facer o proxecto para tirar os galpóns, pergúntandose cantos proxectos se fixeron e canto se pagou por eles, proponendo acordar solicitar á Xunta de Galicia, Portos de Galicia e Costas do Estado unha reunión do Alcalde e portavoces municipais para que se explique o estado actual dos proxectos e as datas de execución para as obras no peirao de Viveiro. Sinala tamén D. Jesús Fernández Fernández que foron moitos os titulares de prensa de todos estes anos para ver se dunha vez se concede esta duplicidade.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio J. Bouza Rodil, para dicir que están de acordo e queren saber cantos escritos se teñen enviado solicitando o rescate dos galpóns.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que está de acordo coa moción, pero non co texto, xa que dende o ano 2003 ó 2011 fíxose un proxecto, feito polo servizo de Costas, publicado e dado o visto bo no Pleno, custeado por Costas. Di que primeiro se pelexou co bipartito e fundamentalmente cando xa se enviaron ós usuarios dos galpóns unha tabla de indemnizacións, pasou a gobernar o P.P. Sinala que conseguiron abrir un expediente de reversión para o Concello do muelle porque xa non facía as funcións de porto, a Xunta do P.P. dixo que tiña uso portuario, recurriuno o Concello e a partir de ahí non se fixo todo o que dicían que ía facer. Indica que algúns caen na trampa dos fotógrafos e sacábanse fotos nos paseos dos xardíns de Noriega Varela, algunha asociación e algún exconcelleiro e Portos, cando o Alcalde e portavoces esperaban ó representante de Portos aquí, e non se fixo nada do que dicían. Engade que cando ó P.P. se lle plantexa a reversión o Secretario Xeral do Parlamento Galego dixo que xa tiñan proxecto para o muelle o mesmo logo di no Parlamento que xa encargaron un proxecto, primeiro dicía que xa o tiña a Xunta. Di que con parte do preámbulo non están de acordo, que se chegou a que se valoraran os galpóns para as indemnizacións, chegando a pedirse a desafectación para que Costas o pasara ó Concello porque non ten ningún uso como porto aínda que se dixese que sí. Os que prometeron que se ía facer un aparcamento agora din que non, polo que os que saen nas fotos agora deberían explicar. Sinala que foron a Santiago e o Presidente dixo que non os podía recibir, aínda que dixera que sí en Celeiro, e recibíunos o Director Xeral, ata agora non fixo nada. Indica que sobre o plan de ordenación, respecto ó muelle, se fixeron alegacións, plan que facía falta para dar a primeira licenza dende a zona de Celeiro e nunca se fixera, e nesa alegación pediron que se respectara o Casco Histórico, pero aínda non contestaron. Di que se reuniron con todos e nunca se dignaron a vir ó Concello, tendo que ir os representantes municipais a Celeiro e logo a Santiago. Pide que se engada dirixirse ó Ministerio para que se diga se contestaron ás alegacións da Xunta, para que pasara ó concello e que argumentación e se deixaron arquivado o



expediente que se iniciou polo goberno do malo, agora quérese saber que fixo o bo (Rajoy). Di que se o Ministerio desafecta e o pasa ó Concello se non o arranxa aínda que denunciem o Concello vai tapar igual os baches.

Intervén en representación do grupo municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo para dicir que o seu grupo está de acordo, que o muelle ten unha situación lamentable. Indica que o que fai falta é un pacto político entre todos para poñerlle fin a esta situación, xa que os problemas con Portos xa son habituais en Viveiro. Apunta a que o estado do muelle foi un arma na campaña electoral das municipais, e aínda agora estamos igual, reiterando que ano tras ano se pagan os cánones que nunca se ven repercutidos en Viveiro, igual que pasa con Celeiro.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Jesús Fernández Fernández, para dicir que o que interesa é unha solución o máis rápido posible, e que se hai vontade política entre Administracións esta situación debería arranxarse. Apunta que dende o Concello é coñecedor de que se fixeron actuacións para intentar arranxar este problema, pero tras dimes e diretes todo segue igual. Apunta que a concelleira M<sup>a</sup> del Carmen Gueimunde no 2011 reclamaba no Senado ó goberno de España consenso coa Xunta de Galicia, pero todo segue igual, como si houbera unha man negra sobre Viveiro para que este asunto non se arranxase. Sinala que non hai problema en engadir outro punto á moción.

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que agradece que se esté de acordo en engadir un segundo punto á moción. Manifesta que non quere caer na trampa de que semelle que o problema é un “mal rolo”, senón que o que pasa é que hai que defender os intereses de Viveiro, e se dende o Concello se dixese “amén” a todo o que di Portos non habería problemas, pero así non se defenderían os intereses de Viveiro. Apunta que no plan de ordenación establecían sector servizos, cando a normativa de Viveiro recolle ese espazo como espazo libre, non permitindo ningún tipo de construción. Ese espazo libre podería servir de aparcadoiro, zona de paseo, o tal solicitado carril bici, etc. Di que o Concello se hai posibilidade de pacto con Portos para arranxar esta situación está disposto, pero sempre e cando o pacto non sexa dicir “amén” a todo o que diga Portos.

Intervén en representación do grupo municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo para dicir que agora que a Xunta e o Estado son da mesma cor política debería ser máis doado arranxar esta situación.

Non existindo máis debate, procédese á votación, acordándose por unanimidade, aprobar a proposta do i.V.i., do seguinte xeito:

Primeiro.- Solicitar á Xunta de Galicia, Portos de Galicia e así tamén ó departamento de Costas do Estado unha reunión coa participación de todos os portavoces municipais, acompañando ó Sr. Alcalde para que nos expliquen o estado actual dos proxectos e datas de execución, para as obras no muelle de Viveiro e así tratar de solucionar dunha vez esta asignatura pendente que teñen cos veciños de Viveiro.

Segundo.- Dirixirse ó Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente, para que se indique se contestaron ás alegacións da Xunta para que o peirao de Viveiro pasase ó Concello, e se deixaron arquivado o expediente iniciado.



## **11.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO I.V.I. SOBRE O REXEITAMENTO Ó CANXE OBRIGATORIO DE PARTICIPACIÓNS PREFERENTES E DÉBEDA SUBORDINADA.**

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Jesús Fernández Fernández, para proceder á lectura da moción, que en síntese sinala que o 22 de marzo se aprobou o Real Decreto lei 6/2013 de protección ós titulares de determinados produtos de aforro e inversión e outras medidas de carácter financeiro, que o FROB aprobou a folla de ruta para o canxe das participaci3ns preferentes e débeda subordinada dos bancos nacionalizados ou dos que requiriron da axuda pública, por accións desas entidades. Con estas medidas os afectados por preferentes ou subordinadas sufren unha primeira quita de entre o 38% e o 61% de media, podendo perder de novo , no suposto da conversión en accións, cando entren en cotización, propoñendo que se acorde mostrar o rexeitamento total a ditas medidas, que se suspendan os procesos establecidos nas operacións de canxe, instar á Deputación Provincial de Lugo, á Xunta de Galicia e ós Parlamentos Nacional e Autonómico o seu apoio para deixar sen efecto esa normativa, que todos os clientes das entidades que non estean nacionalizados pero sí recibiron axudas teñen dereito á arbitraxe e instar ó Goberno de España e ó FROB a buscar alternativas á conversión dos produtos híbridos por depósitos a prazo, sen perda do nominal dos seus aforros ós clientes das entidades. Apunta así mesmo D. Jesús Fernández Fernández que parte destes puntos xa se trataron na anterior moción, no punto 9 da orde do día. Resalta que se debería facer unha folla de ruta clara e concisa e non dicir cada vez unha cousa diferente.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Jaime de Olano Vela, para dicir que este asunto xa foi debatido, e indicar que o seu grupo quere manifestar que este tipo de mocións de instar a un goberno a algún asunto non ten efecto práctico algún, e voluntariamente debería limitarse este tipo de mocións, xa que di descoñecer suposto algún no que por causa de que algún concello instase a un goberno a retirar un decreto, cesar a un ministro, etc, iso chegase a suceder, polo que este tipo de mocións supoñen unha perda de tempo, xa que o Concello nestes asuntos non ten competencia nin facultades. Sinala que por ese motivo o seu grupo nesta moción vaise abster, e en todas as que en adiante sexan iguais, xa que non teñen ningún efecto práctico nin beneficioso para os veciños de Viveiro.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Jesús Fernández Fernández, para dicir que hai moitos Concellos en España que presentaron estas mocións, e que o grupo do i.V.i. só ten representación en Viveiro, e polo tanto, traen esta moción a este pleno, considerando que teñen como obriga a defensa dos intereses dos veciños. Apunta que polo que indica o Sr. Jaime de Olano, entón a moción referente ó muelle de Viveiro tampouco serviría de nada, indicando que xa esperaba a abstención do P.P., tendo en conta o sentido do seu voto en Madrid, manifestando que se trata de mocións que se pretende repercutan beneficiosamente nos veciños.

Intervén o Sr. Alcalde indicando que está a favor desta moción, e que respecto ás mocións que se presentan haberá que facer reflexións noutro momento.

Intervén en representación do grupo municipal do B.N.G., D. Bernarndo Fraga Galdo, para dicir que no punto cuarto da moción, cambiarían o que teñan dereito á arbitraxe porque se lles devolva todo o seu diñeiro.



Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Jesús Fernández Fernández indicando que agora non se permiten as arbitraxes, por iso se pide no punto cuarto da moción que se teña dereito a ela, pero non hai problema en ampliar o punto.

Non existindo máis debate, procédese á votación, acordándose, con 11 votos a favor correspondentes ós grupos do P.S.O.E., B.N.G. e i.V.i., e 6 abstencións, correspondentes ó grupo do P.P., aprobar a moción presentada polo i.V.i., do seguinte xeito:

Primeiro.- Mostrar o rexeitamento total ás medidas adoptadas polo goberno a través do Real Decreto Lei 6/2013 e así mesmo a resolución do FROB.

Segundo.- Que se suspendan os procesos establecidos nas citadas normas nas operacións de canxe, anulando a conversión noutros produtos inseguros.

Terceiro.- Instar á Deputación Provincial de Lugo, á Xunta de Galicia, así como ós Parlamentos Nacional e Autonómico, o seu apoio para deixar sen efectos esta normativa.

Cuarto.- Que todos os clientes das entidades que non estean nacionalizadas, pero que sí recibiron axudas, teñan dereito á arbitrase, e se lles devolva todo o seu diñeiro.

Quinto.- Instar ó Goberno de España e ó FROB a buscar alternativas á conversión dos produtos híbridos por depósitos a prazo, sen a perda do nominal dos seus aforros ós clientes das entidades.

## **12.- DACIÓN DE CONTA DE CORRESPONDENCIA OFICIAL.**

Dáse conta do escrito recibido do Concelleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia, contestando a otro deste Concello e facendo unhas puntualizacións, en relación coa moción da alcaldía do 28 de febreiro de 2013, pola que se require á Xunta de Galicia para que se cubran as vivendas da súa propiedade de carácter social que se atopan vacías, atendendo a criterios de emerxencia social.

Dáse conta do escrito da Delegada del Gobierno para la Violencia de Xénero, do Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, contestando a otro deste Concello en relación co acordo tomado pola conmemoración do Día Internacional da Muller; sinalando a satisfacción de que institucións e persoas, cada vez máis, se comprometan con estas causas e, destacando os convenios que se subscriben coa FEMP para a xesión do servizo telefónico e protección para as vítimas de violencia de xénero no ámbito local; manifestando, así mesmo, a dispoñibilidade desa Delegación para cantas cuestións se estimen oportunas no ámbito das súas competencias.

E o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda darse por enterado dos ditos escritos.

## **13.- ROGOS E PREGUNTAS.**

PREGUNTAS FORMULADAS POR D. CÉSAR AJA MARIÑO EN REPRESENTACIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. NO PLENO DE 25 DE ABRIL DE 2013.



A.- “Na acta da Xunta de Goberno Local de 5 de marzo de 2013, ven reflectida a factura 13100056 de Gasóleos Viveiro por subministro de 5.000 litros de Gas-Oil, para o Colexio San Roque.

Como tiñamos entendido que na actualidade os consumos dos colexios son sufragados pola Consellería de Educación ao incrementarse notablemente a dotación presupostaria para estas finalidades, é polo que nos extraña que sexa o Concello quen segue pagando o Gas-oil, neste caso do Colexio San Roque.

Por este motivo formulamos ao Sr. Alcalde a seguinte pregunta:

1º.- ¿Cal é a causa pola que o Concello pagou ou vai pagar o consumo de calefacción do Colexio San Roque?”

Intervén o Sr. Alcalde para contestar que durante moitos anos os Concellos tiñan que pagar o gasóleo dos colexios. Di que o goberno bipartito no 2006 implantou para o 2007 que o goberno da Xunta pagaría o gasóleo de calefacción para os colexios, pero só era para a ensinanza primaria, por iso se paga, ata que a actual Xunta dea pasos como deu o bipartito

B.- Na acta da Xunta de Goberno Local de 21 de marzo de 2013, ven reflectida a factura por importe de 12.316,18 € e outra de 4.100 €, a primeira en concepto de principal e a segunda en concepto de costas e intereses a pagar á MUTUA GENERAL DE SEGUROS, como consecuencia da sentenza 113/2012.

Por este motivo realizamos ao goberno municipal as seguintes preguntas:

1. ¿Cal foi o motivo e a que persoa ou persoas afectou a mencionada sentenza 113/2012 e a causa de que concepto?.
2. ¿Que motivo induce ao grupo de goberno ou ao Alcalde a esgotar e incluso sobrepassar todos os prazos legais, ocasionando o pago de enormes cantidades en intereses?.

Intervén o Sr. Alcalde para contestar á primeira que no ano que puxeron en marcha o acordo coa FEGAMP, por parte da FEGAMP designouse a empresa AON SEGUROS, e dende o Concello denunciáronse os seguros cunha antelación dun mes, ó manifestar o técnico da FEGAMP que non ía haber problemas. Posteriormente a Mutua denunciou e o Xulgado dictou sentenza condenando ó Concello a pagar, en contra do que pensaban os técnicos. Di que a pesar de que se perdeu o xuízo, valeu a pena acollerse ó convenio coa FEGAMP, xa que antes coa Mutua Galega e Maphre pagábase un total de máis de 76.500 euros. No 2011 cando se fixeron as novas pólizas aumentouse o valor do asegurado en distintos conceptos, aumentáronse tamén edificacións que estaban sen asegurar, como os Centros Socio culturais, a escola taller de Chavín, a oficina de rehabilitación do casco histórico, lavanderos municipais, as naves de Lavandeiras, a oficina de protección civil, etc, e a pesar diso, cun total de 2 millóns de euros máis de cobertura págase ó ano 48.848 euros, polo que condenando a sentenza a pagar 12.000 euros, xa só no primeiro ano se amortizou.

Intervén o Sr. Alcalde para contestar á segunda que hai que saber cando vai saír a sentenza e que saia en contra do Concello, que se teña capacidade orzamentaria, liquidez e logo os movementos e



trámites orzamentarios que en cada suposto haxa que realizar, polo que se hai dotación orzamentaria e liquidez o cumprimento é inmediato, senón hai que seguir unha serie de trámites.

C.- Hai máis de dez anos que a Corporación Municipal de Viveiro aprobou o acordo de solicitar a desafectación e Lodeiro e Lavandeiras, a favor do Concello, acordo que foi tamén adoptado con posterioridade.

Dada a importancia que esta posible propiedade ten para o Concello e como queira que transcurriu bastante tempo desde a adopción destes acordos, todos eles por unanimidade, é polo que realizamos ao Sr. Alcalde as seguintes preguntas:

1. ¿Cal é a situación actual do expediente de “Desafectación dos terreos de Lodeiro e Lavandeiras” no concernente a súa tramitación ante a Dirección General de Costas?.
2. ¿Qué xestións realizou ou está realizando o Sr. Alcalde ante a Dirección General de Costas?.

Intervén o Sr. Alcalde para contestar que hai moito máis de dez anos que o goberno central aprobara ir á desafectación. Di que se están realizando todas as xestións e se está en contacto con Costas en Lugo para facer todo isto. Apunta que incluso no catastro había unha reparcelación e os terreos aparecían a nome do Concello e todo o que era inicialmente Lavandeiras aínda non estaba desafectado, polo que se trataba de desafectar todo o que era de Costas.

D.- Un destes días vaise proceder á adxudicación do mantemento e consecuentemente posta en marcha da Rede Wifi no Concello. Rede Wifi cuxo custo vai ser asumido, se a miña información é correcta, na súa totalidade pola Diputación Provincial.

Ao obxecto de ter coñecemento de como vai a funcionar este novo servizo, procedemos a realizar ao Sr. Alcalde, as seguintes preguntas:

1. ¿Firmouse algún convenio entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Excmo. Concello de Viveiro?.
2. De ser así ¿Cales son as cantidades, destinadas pola Diputación para esta finalidade? ¿Qué período de duración ten dito convenio?.
3. ¿Vai a ser libre e gratuito o acceso para todos os veciños e empresas de Viveiro?.
4. ¿Ten previsto o Sr. Alcalde algún mínimo regulamento para a utilización do mencionado servizo?.
5. Dado que se vai a proporcionar un servizo aos cidadáns que en teoría parece máis propio das operadoras que se dedican á venda deste produto ¿É posible que entren en colisión os intereses destas compañías có servizo que vai prestar o Concello?.

Intervén o Sr. Alcalde para contestar que sí, por valor de 200.000 euros ós que se podían acoller para financiar este contrato, polo que vai con cargo a ese convenio. Di que a totalidade, o período que abarca a adxudicación é de catro anos. Contesta que vai ser libre para os que están empadroados en Viveiro. Di que o Concello de Málaga tivo que pagar ás operadoras por dar servizo libre, e sinala que para o seu uso persoal van ter unha clave. Contesta que sería propio das



operadoras para cobrar. Finalmente, di que se convocou para catro operadoras grandes e dous pequenos.

ROGOS PRESENTADOS POR D. CELESTINO GARCÍA PAZ, DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. (Nº de rexistro 3.187), REALIZA OS SEGUINTEs ROGOS:

1.- Ante as queixas recibidas por parte de varios veciños dos barrios de Barbeito e Aura ó lado da carretera dende Outeiro de Magazos ata Valdemirós en San Pedro, é polo que **rogamos** se coloquen sinais de límite de velocidade, tanto para a seguridade dos peóns como dos automobilistas.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que intentarán colocalas.

2.- O Grupo Municipal do PP, xa presentou no Pleno do 25 de maio de 2009, un rogo para adecentar e eliminar as augas estancadas nunha construción de os Molineros na rúa Emilio Bouza Basanta, a carón das vivendas de O Pedregal en Covas e que se encontra parada dende hai tempo. Por este motivo, **rogamos unha vez máis**, que se lle requira ó constructor e dono da finca para que a maior brevidade posible, adecente, limpe e elimine o oco das augas estancadas, que o único que fan e producir un cheiro nauseabundo e plagas de mosquitos, así como, que se adecente o peche do mesmo

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que foron requiridos os dous e como hai acordos en Viveiro que veñen de vicios tradicionais, un pedía unha licenza e logo transferíaa. Di que foi enviado requerimento a Molineros e éste dixo que a finca é de Andrés López Blanco, polo que se lle enviou a este último, co que se atopa en marcha.

3.- Veciños da rúa Emilio Bouza Basanta e do barrio do Pedregal de Covas, queixanse da presenza de ratas, principalmente nas zonas cercanas ós contenedores da basura, polo que **rogamos** se adopten as medidas oportunas para eliminar a presenza deste animais.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que hai contrato cunha empresa, e que cando o comunican se lle di á empresa. Indica que se axudaría se non se tirasen as bolsas de lixo fóra dos colectores, e se fíxese a partir das oito, e non ó mediodía. Sinala que a empresa xa foi en varias ocasións.

4.- Na Praza de Lugo non existe ningún paso de peóns para acceder á rotonda de dita praza ben como zona de ocio ou simplemente para o acceso ós contenedores soterrados, co conseguinte perigo para os viandantes, motivo polo que **rogamos** que os técnicos do Concello ou ben á Policía Local elabore un informe para ver a posible colocación dun paso de peóns dende a esquina do BBVA e outro dende a esquina da farmacia de Sara Varela hacia a mencionada rotonda.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que na esquina do BBVA ten unha consecuencia, que se retirarían un total de cinco prazas de garaxe e na esquina da farmacia hai un semáforo, o que obriga a pechar o paso de vehículos para pasar os peóns e comprar outros dous semáforos. Indica que o único sitio sería vindo de García Dórga, quitando unha praza, ó rematar os taxis.

5.- Varios Concellos de A Mariña como Xove, e Burela, teñen instalados depósitos para a recollida de aceites usados, como unha forma de contribuir á mellora do noso medio ambiente, motivo polo que **rogamos** o goberno local que realice as xestións necesarias coa empresa que se encarga desta recollida na Mariña, por si fora do interese do noso Concello que aquí tamén se efectúe.





Intervén o Sr. Alcalde para dicir que xa se está facendo todo.

**PREGUNTAS PRESENTADAS POR D. CELESTINO GARCÍA PAZ, EN REPRESENTACIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. ( N° de rexistro 3.186)**

1. A comezos de xaneiro deste ano 2013, o goberno local afirmaba en distintos medios de comunicación escritos, a negociación coas dúas comercializadoreas eléctricas E-ON e GAS NATURAL para unha redución do custo enerxético coa pretensión de aforrar un 25%.

Como a día de hoxe non se sabe máis nada deste asunto é polo que preguntamos:

1. Estase a negociar con estas compañías?.
2. En caso afirmativo, quen é o responsable de dita negociación?.
3. De haber esta negociación, en que punto se encontra a día de hoxe?.

Intervén o Sr. Alcalde para contestar que sí, que o responsable é o goberno municipal, fundamentalmente a concelleira de facenda e o responsable de electricidade. Engade que co asesoramento da empresa Eneges, se comunicou xa ó Concello a devolución de 210.000 euros de facturas, unhas que estaban pendentes e outras pagadas, polo que considera acertado entrar en contacto coa plataforma.

2. No Pleno do día 29 de novembro de 2012, este grupo municipal se preguntaba ó Sr. Alcalde para cando estaba prevista a posta en servizo do saneamento dos Barrios de Hermosende, Pontigo e Parraguesa da parroquia de Galdo, sendo a súa resposta que “sería para esta semana, cando autoricen enchufar entrará en funcionamento”.

Despois de seis meses, a día de hoxe, a situación está igual ou si quere parecida, motivo polo que lle facemos a mesma pregunta:

1. Para cando está previsto a posta en servizo do saneamento dos Barrios de Pontigo, Hermosende e Parraguesa da parroquia de Galdo?.

Intervén o Sr. Alcalde para contestar que Barras Eléctricas contestou ó boletín presentado que non hai potencia suficiente, querendo que sexa o Concello o que leve o reforzo. Indica que se alegra de que non pregunten polo resto de lugares porque significa que xa están listos.

O Concelleiro, D. GUILLERMO LEAL ARIAS, portavoz do GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO INDEPENDIENTES DE VIVEIRO (iVi), no Concello de Viveiro, formula os seguintes rogos e preguntas: (N°. Rex.: 4121).

**PREGUNTAS:**

1. Varios veciños fixéronos chegar as súas queixas do servizo da empresa Aquagest na cuestión do horario de oficina, ¿Ten constancia o equipo de goberno do tempo de apertura ó público das oficina de aquagest?

Intervén o Sr. Alcalde para contestar que se poñerá en contacto co representante do i.V.i. para ver que problema teñen eses veciños co horario e estudar dito problema.



2. Varias zonas da rúa Rego das Frores están deficientes en canto ó firme ¿Vaise proceder en breve ó seu arranxo?.

Intervén o Sr. Alcalde para contestar que cando economicamente sexa viable.

3. No Pleno do 29 de novembro de 2012, este grupo municipal preguntaba á alcaldía porque non se poñía en funcionamento o alcantarillado do lugar da Pena en Vieiro, respondendo o Sr. Alcalde “que faltaba a conexión eléctrica co pozo de bombeo, e que xa estaba solicitada”. Despois de case que 7 meses aínda segue sen estar operativo, ¿Porque non está operativo e cando esta previsto que entre en servizo?

Intervén o Sr. Alcalde para contestar que xa entrou en servizo o bombeo, que está en funcionamento todo menos Galdo, onde se pide que sexa o Concello o que aumente a potencia.

4. Xa estamos de novo co vrao encima, e o tan ansiado e esperado plan de tráfico sen poner en marcha, a espera da resposta por varios organismos para a consecución do mesmo ¿ten o equipo de goberno algunha resposta o respecto?

Intervén o Sr. Alcalde para contestar que non, pero que se está negociando con eles e non sairá a licitación ata o mes de setembro ou outubro porque non pode estar a variante en obras no verán.

#### **ROGOS:**

1. Veciños de Lodeiro indicáronos que o alumeadado público nesa zona hai días que non funciona correctamente, ROGAMOS a revisión do mesmo.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que os veciños de Lodeiro verán si estes días o arranxaron, o que pasa e que salta e apaga.

2. Na rúa Pastor Díaz entendemos existen unha carencia de papeleiras, ROGAMOS o equipo de goberno unha revisión para cubrir esas necesidades, así como tamén no paseo marítimo de fachada.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que no paseo faltan no percorrido que faltan, non en todo, e que non hai orzamento para pagar o custo das roturas dos destrozos. Di que na Rúa Pastor Díaz os quitaron pola Semana Santa, porque había pasos que non pasaban, por iso non se puxeron, e non poden ser de sacar e poñer porque os que se sacan e poñen son de plástico e estes son antivandálicos.

3. Temos queixas de varios viandantes, así como de persoas que fan deporte, que na zona do paseo marítimo de Covas hai donos de cans que os deixan soltos sen o bozal, e en ocasións de raza considerada perigosa, por elo ROGAMOS que por parte do Concello haxa máis vixilancia e que se extremen as precaucións para facer cumprir as ordenanzas.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que non se pode poñer detrás de cada dono dun can unha persoa, e que habería que solicitarlles que non os leven soltos e que recollan os seus excrementos.



**PREGUNTAS FORMULADAS NESTE PLENO POR D. CÉSAR AJA MARIÑO, EN REPRESENTACIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P.**

1º.- Por que causas e a que persoas físicas ou empresas afectan os seguintes procedementos:

Xulgado do Contencioso nº 2 de Lugo.

Procedimentos: 79/2013.

67/2013 S

82/2013 D

Xulgado do Contencioso de Lugo nº 1

Procedimento: 67/2013 R

2º.- Hai varios meses que se aprobou a renuncia do Concello dos dereitos que posuía sobre o terreo onde se ubica a empresa E.V. dado que no acordo se estipulaba que E.V. ía a pagar unha cantidade mensual.

Preguntamos se se está recibindo cantidade algunha por parte do Concello procedente de E.V.

3º.- Hai unhas datas que polo PP se propuxo o rogo de solicitar a Costas do Estado unha pasarela de acceso á praia de Covas á altura do campo de fútbol de Cantarrana. Podería indicarnos se se enviou a Costas dita solicitude.

4º.- En decreto da alcaldía de data 28 de febreiro de 2013, se aproba a factura 411/F concepto Gastos Rexistro de Escritura por importe de 703,03 €. ¿Concepto escritura?.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que a estas preguntas daralles contestación nunha vindeira sesión.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte do Sr. Alcalde levántase a sesión, sendo as 23:30 horas do día 20 de xuño de 2013, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.